

COMUNICADO DA PLATAFORMA ARTES DO MOVIMENTO (PAM) DE DENUNCIA ANTE A REDUCIÓN ORZAMENTARIA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO NO ANO 2022

09.02.2022

Dende a Plataforma Artes do Movemento (PAM) queremos facer pública a nosa total **disconformidade coa redución dos gastos asociados ao Centro Coreográfico Galego (CCG), aprobada nos Orzamentos autonómicos para o ano 2022¹, que determinan uns investimentos reais de 120.000,00 €** para “Actuacións e programacións culturais” do Centro Coreográfico Galego,² un 20% menos con respecto aos investimentos reais establecidos nos orzamentos 2021 que foron de 150.000,00 € neste mesmo capítulo, cifra xa de por si extremadamente baixa.

Nas sucesivas reunións do Plan Integral da Danza (PID) promovido pola AGADIC, iniciadas a comezo do 2020 e celebradas de maneira periódica ata a data, a PAM ten asistido e formulado continuas propostas á Axencia, propostas sempre acompañadas da **petición de que se dote de orzamento, autonomía e dirección específica ao CCG Centro Coreográfico Galego**, facendo partícipe ao sector profesional destas cuestións a través dun proceso participado real e efectivo, no que se aborde a situación e futuro do Centro Coreográfico Galego, proceso que a comunidade da danza leva anos esixindo: primeiramente dende a Plataforma de Afectadas polo Centro Coreográfico Galego (PACCG) e seguidamente dende a PAM. Sen embargo, ningunha cuestión relativa aos orzamentos, estratexias ou persoal do CCG, pendente de celebración a sesión de traballo sobre o CCG programada dentro do proceso de elaboración do PID, están sendo abordadas de maneira transversal; ao contrario, observamos que as decisións trascendentais están sendo tomadas de xeito unilateral e en contra das peticións do sector profesional, en concreto:

- **A redución orzamentaria do CCG** (de 150.000 a 120.000 €);
- **A creación dun novo Departamento de Música e Danza** na Agadic³, do cal depende o Centro Coreográfico Galego (desaparecendo o anterior Departamento dedicado exclusivamente á danza, en contra das sucesivas denuncias e peticións da comunidade profesional ^{4 5 6});
- **A publicación dunha convocatoria para a provisión do posto de coordinador/a de dito departamento de Música e Danza** (convocatoria deseñada sen consulta nin canles de participación ao sector para a redacción das súas bases -a pesar das reclamacións feitas ao respecto-; resultando que as bases publicadas non esixen de maneira clara unha experiencia profesional en materia específica de danza, bastando con demostrar méritos de dirección e xestión “no ámbito da música e/ou danza” ⁷, o cal consideramos de todo insuficiente para un posto de alta dirección e coordinación do departamento da Agadic entre cuxas funcións está a dirección do Centro Coreográfico Galego).

¹ Enlace aos orzamentos definitivos: <http://orzamentos.xunta.gal/orzamentos-2022>

² Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma Galega 2022, Serie Verde, Investimentos Reais, páx. 79:

http://orzamentos.xunta.gal/orzamentos/2022/PR/INV_II_V2.pdf#view=Fit&toolbar=0&navpanes=0.

Esta é a única partida na que aparece nomeado o Centro Coreográfico Galego en todo o Proxecto de Orzamentos Xerais 2022, polo que non é posible discernir e individualizar outro tipo de gastos directamente asociados ao Centro.

³ Enlace reforma estatutos da AGADIC:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210407/AnuncioG0598-260321-1_gl.pdf

⁴ Enlace documento de Suxestións da PACCG do 12 de decembro de 2019:

https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8_2733c004e2c44ecb922b4b93b7903d1f.pdf

⁵ Enlace ao comunicado do 26 de xaneiro de 2020 da PACCG:

https://ba5978c8-fe29-4fbf-966f-2f257e108d7a.filesusr.com/ugd/c3b9d8_5fa61b048c614400815a85621241e90d.pdf

⁶ Enlace ao comunicado do 18 de febreiro de 2020 da PACCG:

https://drive.google.com/file/d/18qQOrQ31-ZtSrAHdF_KyBqCbLet2oOWS/view

⁷ Enlace ao procedemento: <http://www.agadic.gal/Avisos/detalles/737>. Nos méritos esixidos, a convocatoria requería acreditar o seguinte: “-Experiencia profesional en dirección e xestión desempeñados na Administración pública, no ámbito da música e/ou danza. - Experiencia profesional en dirección e xestión en postos desempeñados en empresas ou institucións, no ámbito da música e/ou danza.”

En base a todo o anterior, queremos denunciar a mala praxe da AGADIC de non ter atendido as peticións principais deste e outros colectivos representativos do sector da danza en Galicia. Amosamos o noso rexeitamento ao que consideramos unha actitude que resulta instrumentalizadora das e dos profesionais (que asistimos e achegamos propostas de traballo nas reunións do PID ás que se lles da por parte da AGADIC dunha capacidade de incidencia mínima), e solicitamos que a AGADIC, no marco de definición estratéxica do PID aborde as seguintes propostas con carácter urgente:

- A convocatoria dun posto específico para a dirección e/ou coordinación do Centro Coreográfico Galego, cuxa redacción sexa consultada co sector e que, como mínimo, garanta nas súas bases un perfil con coñecementos e experiencia profesional na dirección, programación, promoción e xestión no ámbito específico da danza.
- A análise da situación actual do Centro Coreográfico Galego, e o recoñecemento da necesidade de establecer e aprobar un plan estratéxico e de actuación para o mesmo.
- A revisión e incremento dos orzamentos do Centro Coreográfico Galego para a anualidade en curso e os próximos anos.

9 de febreiro de 2022

PAM Plataforma Artes do Movemento
<https://www.pamgaliza.org/>